



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xullo 2024

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2024


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xullo 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en xullo de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do 4,3% e no conxunto de España do 2,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,9% e no Resto de produtos un 5,4%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas agás Madrid.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 6,5% en Galicia no mes de xullo de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 4,9%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,1% en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas no mes de xullo.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xullo 2024

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes




	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	112,2	4,3	1,0
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	111,4	4,4	0,9
<b>Alimentación</b>	104,0	3,9	1,4
<b>Resto</b>	121,9	5,4	1,4

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do 4,3% en Galicia en xullo de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 2,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 4,4% en Galicia e un 3,0% en España respecto a xullo de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 3,9% en Galicia e un 2,5% no conxunto de España.
- O Resto de produtos medra un 5,4% en Galicia e un 4,2% no conxunto do Estado.



Nos sete primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,0% en Galicia e un 1,4% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (1,4% en Galicia e 1,3% en España) como no Resto de produtos (1,4% en Galicia e 2,7% en España).


## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas agás Madrid (-1,1%). As comunidades con maiores incrementos son Canarias (7,0%), Comunitat Valenciana (5,1%) e Navarra (5,1%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-1,8%) e Illes Balears (-0,6%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (4,6%), Andalucía (3,3%) e Cantabria (3,3%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xullo 2024

### Taxas de variación en %



### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 6,5% en Galicia no mes de xullo de 2024, e un 4,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 6,7% en Galicia e do 5,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,6% e no Resto de produtos un 5,9%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 6,0% nas vendas en Alimentación e do 4,5% no Resto de produtos.

Nos sete primeiros meses do ano, o índice medra un 4,1% en Galicia e un 4,3% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 6,4% en Galicia, máis que en España (6,0%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,1%) que en Galicia (2,4%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,1% no mes de xullo en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 0,1% e en España o 1,9%.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xullo en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (4,0%), Madrid (3,9%) e Illes Balears (3,6%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Extremadura (-1,2%), Cantabria (-0,3%) e La Rioja (-0,1%).

##### Índice xeral de ocupación. Xullo 2024

##### Taxas de variación en %



Nos sete primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Madrid (5,1%) e Andalucía (3,0%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado La Rioja (-1,0%) e Extremadura (-0,9%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	133,8	6,5	4,1	112,2	4,3	1,0
Xeral sen estacións de servizo	133,3	6,7	4,1	111,4	4,4	0,9
Alimentación	134,1	7,6	6,4	104,0	3,9	1,4
Resto	132,7	5,9	2,4	121,9	5,4	1,4
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	138,0	4,9	4,3	115,7	2,8	1,4
Xeral sen estacións de servizo	137,3	5,2	4,4	114,8	3,0	1,4
Alimentación	139,7	6,0	6,0	108,3	2,5	1,3
Resto	135,5	4,5	3,1	125,9	4,2	2,7

Fonte: IGE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	124,1	5,1	3,5	102,6	2,4	0,3
Xeral sen estacións de servizo	122,7	4,5	3,4	101,9	2,6	0,2
Alimentación	124,5	6,2	5,8	96,5	2,5	0,7
Resto	122,2	3,8	2,0	109,9	2,9	0,9
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	127,6	3,3	3,7	106,1	1,0	0,7
Xeral sen estacións de servizo	127,1	3,4	3,9	105,4	1,3	0,9
Alimentación	131,7	5,2	5,5	101,4	1,2	0,5
Resto	124,4	2,3	2,6	113,5	2,0	2,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo IGE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>138,0</b>	<b>4,9</b>	<b>4,3</b>	<b>115,7</b>	<b>2,8</b>	<b>1,4</b>
Andalucía	138,6	4,9	6,0	116,1	3,0	3,3
Aragón	124,2	5,2	4,4	103,3	3,0	1,5
Asturias	132,0	5,0	3,4	110,9	2,8	0,9
Balears, Illes	176,2	2,3	2,2	148,3	0,2	-0,6
Canarias	144,6	9,0	7,4	122,2	7,0	4,6
Cantabria	147,0	6,6	6,1	123,4	4,8	3,3
Castilla y León	134,3	4,8	3,5	111,3	2,9	0,6
Castilla-La Mancha	130,0	4,1	5,3	106,7	2,0	2,2
Cataluña	144,0	5,0	4,7	120,7	2,8	1,7
Comunitat Valenciana	148,5	6,9	5,2	125,3	5,1	2,5
Extremadura	127,8	3,5	3,5	106,5	1,3	0,6
<b>GALICIA</b>	<b>133,8</b>	<b>6,5</b>	<b>4,1</b>	<b>112,2</b>	<b>4,3</b>	<b>1,0</b>
Madrid	128,9	0,8	0,9	108,8	-1,1	-1,8
Murcia, Región de	131,9	5,1	3,4	110,1	3,1	0,7
Navarra	125,6	7,6	5,7	104,4	5,1	2,5
País Vasco	126,0	7,3	4,8	105,3	4,6	1,6
Rioja, La	134,6	6,1	4,4	112,1	3,8	1,2
Ceuta	127,0	5,8	3,9	105,9	3,0	0,3
Melilla	120,5	5,4	4,9	100,9	4,4	2,6

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	106,4	0,1	0,1
Xeral sen estacións de servizo	106,1	0,0	0,0
<b>España</b>			
Xeral	109,1	1,8	1,9
Xeral sen estacións de servizo	109,0	1,8	1,9

Fonte:INE



**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Xullo 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>109,1</b>	<b>1,8</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	111,2	3,0	3,0
Aragón	103,2	0,2	0,1
Asturias	100,7	0,2	0,6
Balears, Illes	124,4	3,6	2,7
Canarias	112,4	4,0	2,9
Cantabria	107,6	-0,3	0,4
Castilla y León	106,3	1,7	0,7
Castilla-La Mancha	107,9	2,7	1,9
Cataluña	110,2	0,6	0,5
Comunitat Valenciana	109,6	0,5	1,2
Extremadura	104,9	-1,2	-0,9
<b>GALICIA</b>	<b>106,4</b>	<b>0,1</b>	<b>0,1</b>
Madrid	109,1	3,9	5,1
Murcia	103,7	1,0	0,5
Navarra	104,2	1,8	0,9
País Vasco	104,7	0,7	0,3
Rioja, La	103,8	-0,1	-1,0
Ceuta	100,3	-0,9	0,0
Melilla	102,2	0,1	-0,8

Fonte: INE